

Luz Pichel

NO VERÁN VIÑAN CON SOMBREIROS
(Agolada. *Aqua lata*. Os Pendellos. Unha feira)

Con Lyn Hejinian

Cando alí chegaron por vez primeira con rapaciños ao lombo, os pés descalzos e vestidos con peles de animais, viron que era un lugar de augha e beberon e sorriron e se cadra cantaron e fixeron unha luminaria, quen sabe. Por entre as pedras, as lagartas de papo trémulo recolocan as súas cores cara ó pardo e erguen moito a cabeza cos oídos atentos aos sons e os ollos mirando para tódalas cousas bonitas. Unha nena salta dunha pedra para a outra mentres os maiores recitan poemas subidos a unhas táboas porque celebran un aniversario e están alí todos, ela distráese así. Houbo un tempo máis antigo, moito máis antigo no que só existía neste sitio unha explanada. Vendían o que facían coas mans, colleitaban con sachos para un cesto, recollían dos niños das galiñas ou da horta da casa. Algúns poetas non queren recitar en público porque teñen medo de escoitar a súa propia voz. Era ben pequena e xa andaba coma se estivese perdida no medio dun monte, de noite, lobos, moito medo, pouquiña confianza no mundo e ata nela mesma, tristura a fartar. Aquel día no medio dunha praza con xente unha muller dixo “temos que reivindicar o nome de *poetisa* para reparar o dano, facer da palabra un luxo” e sacou un paniño de cor violeta na punta dun pau, ela sorriu un chisco, un case nada. Cando viron o ben que sabía aquela augha e como era boa para

curar tantos males mesmo a melancolía, dixeron “é preciso conducila para que chegue para todos”. O fútbol non era cousa que se coñecese, non había goles nin goleadas, iso veu despois, hai étimos que menten máis ca pensan. Outras xentes fixeron na explanada unha feira importante que durou e perdurou por séculos e séculos e aínda alí está. Unha vez tamén nós fixemos unha excursión ao sitio pero resultou inútil: á noite a rapaza seguía igual de triste porque non confiaba. Salta de pedra en pedra e pensa na maneira de non se aburrir mentres os maiores recitan poemas que soan ben pero ela non é quen de estarse quieta porque é rebulideira. O piso fora primeiro de terra, despois remataron por empedralo para que as vacas non ensuciasen os ubres coa lama e o leite saíse limpiño. Non había maneira de facela un chisco feliz. Quedaron a durmir e pedíronme que lles contase historias verdadeiras. Hai unhas casas, hai cubertos, hai mesas de pedra onde espallan as puntillas, os zocos novos, os cestos e as fabas para que se vexan ben. Un problema de mala comunicación neuronal. Aburrirse é bonito porque así fáiselle o xeito á imaxinación para que figure que unha nena que salta podería saltar aínda moitísimo máis e gañar as olimpíadas, coma se fose doado. Un dos recitadores está moi enfermo e tremelícalle algo a voz. Os cambios de cor das lagartas descóbrenos os nenos pola súa conta mirando para elas moito tempo sen pestanexar. Do aburrimiento ás veces saen imaxinacións pero outras veces non vén nada, nin bubela nin toupa nin pega, nin carta *vía air mail*, nada. Chegou o fútbol ó pobo e todos pensaron que ían gañar por goleada aos de Lalín pero erraron da punta ao cabo. Cando a tristeza colle o mando, pensas ti que vai deixar que llo quiten? Había algunha praciña entre os casetos e ás veces alguén seguro que fixo alí un discurso ou un sermón nunha lingua prerromance ou en latín clásico ou en latín vulgar ou mesmo en galego-portugués ou chapurrado. Ás veces, unha negrura apodérase dunha persoa, e xa te podes esquecer de como tamén ela antes brincaba de pedra en pedra. As imaxinacións sempre chegan cando se queren contar historias verdadeiras, o mundo anda moito ao revés. Os tellados eran encurvados e colocábanse as tellas en ringleiras sobre táboas coma estes poetas. Viñan de moitas provincias coas súas vacas e coas súas vasillas para vender ou mercar. No verán todos poñían un sombreiro na cabeza para tornar do sol que pica. A augha busca soíña os seus propios calexos, así fórmanse os ríos e os seus afluentes. Ela non daba atopado a alegría por máis que a levasen de fonte en fonte, disque era unha rapaza de alta sensibilidade. Os

canteiros encargados da construción tamén falaban o seu latín para que os amos nonoubesen o que dicían. Un val, moitos carballos, un río. Non quere canles de cemento nin que a ensucien cos purís de porcos e vacas porque despois síntese culpable de que morran as criaturas ao bebela. O aburrimiento, cando pasa tempo abondo con alguén, pode chegar a doer? Naquel sitio de pedra non había mar porque o mar hai que repartilo e non chega para tódolos pobos. Hai mares moi difíciles de atravesar hoxe en día. Unha nena salta dunha pedra para outra mentres o seu pai recita versos e iso é divertido. Cando chegaron os primeiros feirantes quedaron tan pasmados! porque todo se tramara como para que fosen felices e vendesen moitos sacos de gran e moitos encaixes de Camariñas. O meu gato vén de cazar un estorniño e brinca con el pola eira adiante. Quedaron a durmir e pedíronme que lles contase unha historia verdadeira, tiña que ser verdadeira, non valía inventada. No inverno, as mulleres casadas cubrían os seus corpos con toucas preciosísimas de lá para non se acatarrar. Os estorniños andan moi revoltos con un grande sentido da solidariedade. A augha dos ríos vai encaixadiña nas súas canles e non se perde polos prados adiante pero non hai que bebela porque podes morrer, sabes? Unha nena tenta saltar dun barco para outro alá no Mediterráneo, non se defende nadando. Unha vez un home andou dez leghuas á par dun lobo na madrugada para dar chegado á feira en tempo e non se devoraron un ao outro, fixéronse compañía. As lagartiñas mortas quedan secas e tesas de seguida e pódense gardar dentro dun libro. Aínda ha de ter que ter coidado ese gato cos outros estorniños, que o están arrodando. No Mediterráneo morren centos de nenos abrazadiños ás súas nais porque non saben nadar nin é cousa diso, ninguén se acorda deles. Non aplaudía canda os maiores porque precisaba as mans para pegar viravoltas e reviravoltas e poñerse coa cabeza na terra e os pés no ceo. Sentouse unha migha á sombra dun castiñeiro porque se atopaba reghular, tremía moito, o pobre. As vacas que levan moitos anos alimentando os mesmos nenos non lles gusta que as vendan e ter que cambiar de casa, pensan que os seu donos non souberon apreciar a fermosura do seu leite. Menos mal que en Thailandia salváronse os doce xabaríns, deles acordouse o mundo enteiro, deles si. Mira que dicir que unha lagarta é moito máis simpática ca unha píntega, que cousas tedes. Viña xente de tódolos lughares do mundo, ata de Portugal. Verdadeiras, tiñan que ser verdadeiras, non valían inventadas. A xente do rural fai sucos moi longos cunha sacha para que a augha chegue desde a fonte ó

prado. Houbo un tempo máis antigo, moito máis antigo no que só existía neste sitio unha explanada. A rapaza, se anda a pegar pinchacarneiros é porque está ociosa, habería que lle poñer un sachito na man e xa verías. Disque era un problema de mala comunicación neuronal. Antes das pedras só había pedras. Non estaban musicalmente colocadas en harmonía coas mans. Aplaudínle moito ao gato cazador pero despois sentín lástima polos estorniños. Ás veces as pedras tamén facían mal, mataban un paxaro, animalíño.